


Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / Saída: cando lle peta / Prezo: cunca albariño caseiro / Coordina: Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº69/ Ano: 2023 / 2º xornal Mes de xuño / Estado de final de curso

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



Miguel Ángel González Domínguez

Exalumno meu no colexio de Campolongo, que faleceu neste mes de xuño. Despois de 20 anos, volví a coincidir con el na Illa de Ons, xa como artista consagrado. Na foto, con xersei negro, xunto a outros compañeiros do Parque Nacional. Páx. 1



Os fotógrafos, cando queiran fotografar a magnífica arquitectura mariñeira de Ons, atoparanse con estes adornos que a Consellería decidiu poñerlle ás casas aunienses. Páx. 2



Pequenos detalles da celebración do San Xoán en Ons. Páx. 3

CHIRINGUITO

Xa pasaron uns anos e aínda ninguén da administración deu unha explicación do por que o mandaron quitar. Páx. 3



Debuxos de CONDE CORBAL sobre Ons.

Boa idea que xurdiu no Grove de facer un Museo sobre Conde Corbal na deteriorada Torre de Escuredo. Páx. 6



A mellor RANDEEIRA do mundo está na Illa de Ons. No lugar de relax das habitacións do PIRATA. Páx. 5



25 ANIVERSARIO de Pineiróns

Desta foto de 1998, despois de constituír a Asociación en Ons, pasaron 25 anos. Páx. 4



HemerONSteca

Dous ministros inauguran o Grupo Electrónico en Ons. Páx. 7



MIGUEL ÁNGEL GONZÁLEZ DOMÍNGUEZ

“Michi Kantabudha”

KANTABUDHA

O pasado 7 de xuño 2023, viña de rematar o nº 68 de Onstopus, cando lendo a Voz de Galicia atópome coa triste noticia do falecemento do que fora o meu alumno no Colexio Campolongo – Pontevedra, Miguel Ángel González Domínguez. Corría o ano 1987 e déranme praza de Educación Física e Miguel Ángel estudaba 7º de primaria.

Non teño un recordo del a nivel académico, debido á materia que eu impartía, pero si sei que era un rapaz que sobresaía polas súas destrezas manuais e participativas. Nese campo destacaba xunto á súa habilidade e simpatía para relacionarse con compañeiros e mestres.

Ao rematar a súa etapa escolar de primaria, perdinlle a pista, entre outras cousas, porque eu me trasladei de Pontevedra, onde nacín e vivía, a Vilagarcía e despois ao Grove; volvendo a coincidir con el, vinte anos despois, na Illa de Ons onde, Miguel, veu traballar para o Parque Nacional.

Acababa el de chegar e, na de Checho, presentouseme como exalumno meu. Eu, nun principio non o recoñecín, os rapaces dan un cambio tremendo a partires dos 12 anos e xa pasaran 20 dende aquela, pero ao irme dando datos, pronto dinme conta del.

Na súa estancia en Ons, que coído foi ao longo de 4 anos, mantivemos unha boa amizade e foi onde descubrín a súa faceta artística que compaxinaba cos traballos que lle ían xurdindo. Cultivaba a pintura, a cerámica e a escultura. Recorreu un bo número de cidades españolas onde residiu e realizou exposicións.

Comenta a periodista María Hermida, que a súa estancia en Ons marcouno: “El contacto con la naturaleza, la importancia de no darle un tajazo jamás a nuestro cordón umbilical con la tierra ya nunca más se fueron de su obra, transformándose en paisajes que a veces transitaban por la calma y otras por un brutal desasosiego”.

Fóisenos un bo rapaz, un artista en toda regra.

KANTABUDHA DEBUXANTE NA ILLA DE ONS

No 2006 Pineiróns decide revitalizar os xogos populares que se realizaban en Ons noutros tempos, comezando polo Xogo da Chave.

Despois dun tempo de adaptación, acordan montar o 1º Campionato de Chave en Ons e falan con Miguel Angel para que deseñe o debuxo dese Campionato. O curioso foi que, cando nolo presenta, as caras que debuxou entre a chave parecíanos coñecidas. Un día revelounos que intentara caricaturizar a cara do noso Presidente, Lano Mayán.



-Dábaselle moi ben compoñer a fisionomía e a efixie das persoas e realizou moitos cadros de amigos e coñecidos de Ons. Aquí podemos ollar o de Camilo, emblemático auniense que marcou unha época entre os Camaweis e amigos. Familia Rogelio.

-No 2008, varios visitantes asiduos da Illa, montaron unha pequena orquestra con bombo, tambor, acordeón e saxo. E ese ano tamén acordaron facer unha camiseta conmemorativa: “Orquestra <A Illa É Nosa>”, encomendando a Miguel Ángel o seu deseño. Podémola ver posta aos segundos clasificados do 3º Campionato de Chave de Ons.

-No 2010 abre o Centro de Visitantes de Ons e para sorpresa de veciños e visitantes asiduos, vemos que na porta de entrada poñen un póster dunha familia, que din de Ons. Pronto nos decatamos que os que dirixiron a montaxe do Centro eran vascos e, aí está a cuestión, a familia exposta na entrada do Centro, era unha familia vasca. Pedimos ao Parque que se puxera en contacto con Miguel Ángel pois coa súa habilidade para debuxar o aspecto físico das persoas, seguro que teríamos na entrada do Centro unha familia auniense ben retratada. Non fai falla que explique cal foi a resposta dende o Parque...



ONS NA MEMORIA

Eran mediados dos 80 s.XX. Parte da nosa cuadrilla pontevedresa en Ons. Dúas anécdotas sobre esta foto.

-Estabamos no que chamabamos a “Atalaia”, era o que quedaba dun precioso piorno na zona de Caño pertencente á familia de Salvador Piñeiro e Erundina Otero, casa nº 34. Cando chegamos unha Semana Santa, cargáranse o piorno e as súas pedras desapareceran, disque foron empregadas para aumento dalgunha vivenda ou outra construción, quedando só a base e unha fila de perpiños arredor que nos servían como asento. Toda unha desfeita etnográfica que, a pesares de que o pedimos con contundencia, ninguén na administración quixo investigar. Tiña unha boa vista sobre a ría de Pontevedra, ás bisbarras do Salnés e Morrazo, illas Cíes e entrada da ría de Vigo. Recordo que no mes de agosto dende ela visualizabamos os fogos das Festas de Portonovo e Bouzas.

-Eu habitaba a casa nº 35 pertencente ao meu homónimo Celestino Domínguez. Cando viñan os colegas, acampaban no *Pinal*, despois chamado acampada de Chan da Pólvora, pero a vida facíamola na casa de Caño. Todos os comestibles que traían, sobre todo embutidos e conservas, pasaban a formar parte da despensa da casa e comiamos do que pescabamos, pois varios colegas eramos bos pescadores submarinos e, como din na Illa, “*non había fallo*” para facer boas caldeiradas na excelente lareira que tiñamos na vivenda.

Nunha especie de andel que había na zona alta da lareira, duns 20 cm. de fondo por case dous metros de ancho, chegou haber ao final da temporada, máis de 100 latas de conserva que se fan acumulando pois normalmente non tomabamos conservas.

Antes de marchar repartiámolas entre os nosos veciños aunienses, non iamos a cargar con semellante peso.



CONTRA O FEISMO

Outro ataque á que era a Mellor Arquitectura Mariñeira de Galicia e, de novo, feito pola Administración.

De verdade que en todo o perímetro da vivenda non hai un lugar para poñer estes contadores e non na fachada vista ao camiño?

Sen embargo se iso o chega a facer un veciño, poden estar seguros que a propia administración obrigaríalle a cámbialo e lle metería algún tipo de sanción. Alguén tería que facer algo; estas aberracións non se poden consentir, demostran o pouco interese que hai por Ons.

DETALLES DO SAN XOÁN NA ILLA DE ONS

No nº anterior de Onstopus, poñía unha foto de varias mulleres na procura das herbas do San Xoán en Ons.

A celebración desta Festa na Illa xiraba ao redor de tres símbolos: Lume, auga e herbas. Cando eu cheguei no ano 1975, o facer a Auga do San Xoán era un costume que non se perdera nas casa aunienses, sen embargo o lume (as fogueiras) si, nin tan sequera as pequenas cacheiras se facían, agás os rapaces nalgún barrio.

Antigamente, sobre todo nos barrios de Canexol e Cucorno, facían fogueiras. O material empregado eran mobles vellos da casa, colchóns,..., e outro tipo de elementos que arderan con facilidade. De madeira só ramas de piñeiro pequenas que non eran empregadas nas casas para as lareiras. Ter en conta que a madeira era un ben de luxo nas vivendas aunienses, servía para facer de comer, para quentarse, para arranxos e ata para iluminar a cociña. O butano, quen o tiña, utilizábase para quentar o leite e o café para os rapaces e os mariñeiros antes de ir á escola e ao mar e para preparar algunha comida sinxela: ovos fritos, sopa, requentar unha comida,..., todo o demais na lareira con lume enriba do trébedes (aparello coñecido tamén como Tres pés).

Tamén noutroa en Ons, como en toda a Galicia rural, as cantarelas ao son do pandeiro e arredor do lume e posteriormente as trasnadas, eran parte da Noite de San Xoán. Unha das trasnadas que se realizaban en Ons, a carón das típicas de: levar os carros, mover as dornas, cambiar os remos, levar os animais a cortellos doutros veciños,..., estaba a de buscar polas casas aunienses o recipiente onde se poñían as herbas do San Xoán ao sereno, e mexarlle dentro.

Capítulo aparte sería tocar os ritos que se realizaban esa noite e que será motivo doutra entrega.

Para saber máis: <http://bueu.esy.es/Documentos/Artigos-PDFs/Ons-Padellas/Raigame-3-Tinon.pdf>



PineirÓns sempre celebrou na Illa, se cadraba en fin de semana, a Festa de San Xoán con sardiñada e fogueira que, normalmente, facían na banda norte da praia de Area dos Cans, entre as rochas.


Coa chegada do Parque Nacional, no 2006 pediu permiso para unha cacharela a facer no barrio de Curro (foto de arriba, saltando Pepe de Vigo) e no 2007 (foto de abaixo) pediu outra vez permiso e déronllo para facer na praia das Dornas, responsabilizándose da seguridade e apagado, cousa que conseguiron coa inestimable colaboración dos responsables do Parque, aínda que, debido a que coincidiu coa primeira voda que se realizaba en Ons na praia, houbo bastante que controlar.

Esa foi a penúltima fogueira de San Xoán en Ons, ao ano seguinte (PineirÓns non a pediu), fixeron outra na mesma praia das Dornas, pero a mala fortuna fixo que unha persoa, ao saltala, se queimara, o que provocou a súa prohibición en anos sucesivos.

A TRANQUILIDADE E BO AMBIENTE DO CHIRINGUITO

Aínda ninguén nos aclarou o por que, despois de deixar montar un magnífico chiringo enriba da praia de Area dos Cans, cunha historia que se remonta ao ano 1989, de súpeto, a propia administración manda retíralo, sen a máis mínima explicación.

Ons ten momentos para a Historia, para a Etnografía, para a Natureza, para a Arquitectura, para Estudos e Investigacións serias,..., pero tamén para o relax e o divertimento ben levado, como sempre ocorreu no chiringuito. Quen foi o culpable?



Pineiróns

25

Aniversario



25 ANIVERSARIO DA Asociación Pineiróns

O día 17 de xuño cúmpriáanse 25 anos da formación desta Asociación Cultural que ten, como único obxectivo, a Illa de Ons. Non puideron estar todos, pero os que estiveron fixérono na honra aos máis de 50 socios que esta Agrupación tivo ao longo destes 25 anos de traballo pola Illa. Aproveitaron para facer unha pequena presentación do nº 28 da revista AUNIOS e realizaron unha primeira distribución de case 60 revistas. Continuarán a singradura iniciada hai 25 anos de reivindicación da Illa de Ons.

CAMAWEIS e PINEIRÓNS

Aproveitando que os Pineiróns estaban na Illa celebrando o seu 25 aniversario, houbo pequenas xuntanzas cos novos Camaweis nas diferentes capelas aunienses.

Aquí temos unha boa representación deles no Pirata, sempre acompañados por Ramón, o de Bilbao, que fai as delicias dos padales máis esixentes.



TINÓN e JAVI PAZÓ

Ese mesmo día, 17 de xuño, mesmo ao chegar a Portonovo procedente da Illa, atópome a Javier Pazó, fillo de D. Diego Pazó, persoa que revolucionou, a principios do século pasado, o mundo do mar na Ría de Pontevedra cos seus motores mariños.

Aínda que mantemos unha relación vía internet, facía tempo que non falabamos en persoa. Javier máis eu ingresamos no ano 1967 no Instituto de Pontevedra e, polos nosos apelidos, tocounos no mesmo pupitre.

De aí naceu unha amizade que dura ata os nosos días



A MELLOR RANDEEIRA DO MUNDO

Si, aquí a temos, a cualificada polos mellores xornais mundiais, a mellor Randeira (bambán. *Columpio*) do mundo, e está na Illa de Ons, en Curro, pertencente á zona de relax das habitacións do Restaurante O PIRATA.

Dende ela temos unha ampla visión da ría de Pontevedra, das bisbarras do Salnés e Morrazo, das Cíes. Un pouco máis abaixo, a zona onde os hospedados poden relaxarse coas vistas.


CONDE CORBAL E A ILLA DE ONS

Veño de ler na Voz de Galicia o artigo do noso colaborador en Aunios Avelino Ochoa, no que propón un Museo Conde Corbal na Torre de Escuredo en O Grove. Dende el pide ás administración que fagan un esforzo por recuperar, non só o edificio, senón tamén a Colección do pintor Conde Corbal, á vez de dar ideas sobre a montaxe de varias salas con exposicións permanentes sobre a Memoria Democrática e outros pintores como Goday, familia Besada,...

<https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/arousa/o-grove/2023/06/17/span-langl do-museo-conde-corbal-na-torre-escuredo span/00031687029711804779552.htm>

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/arousa/vilagarcia-de-arousa/2023/06/13/span-langl conde-corbal-escrita-imaxes-do-pintor-merece-span span-langl-dia-das-letrasspan/0003_202306G13P29991.htm


Á vez, aínda que xa o toquei en Onstopus: <http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/02/Onstopus-02.pdf> e tamén hai un artigo en AUNIOS de Antón Mascato: <http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/23/05-Mascato.pdf>, vou facer a miña particular homenaxe aquí cos debuxos que, sobre Ons e para o libro de Daniel Hortas “*Con el viejo Bene en la Isla*”, realizou e ilustrou Conde Corbal.




... las noches de prolongada invernía las abreviaban en la taberna "Checho", que no será rey, pero pedáneo sí es...




... pero lo más característico sigue siendo el pulpo, que continúan obteniéndolo con las mismas artes de siempre...




¿Tan organizado lo tenía todo que hasta había dispuesto salvas de recibimiento!



... las cantas y manta, que marchaban de paseo, lucen volados de su mano diestra, a manera de bolas de ricas damas, fijas de billares de bares...




... estaba entre el camping y la playa nudista




... con ser solo ayudante de farero, fue -y en cierto modo aún sigue siendo- casi todo aquí...




"O máximo foi, nembargantes, Arturo Goberna, que chegaba a pescar ata douscentos quilos de polbo ó día, se era á liña, e subía deles ó bichero..."




... podrá usted verlos bañándose, o tomando el sol en los acantilados que constituyen su ruta, al otro lado de los arenales



... pescan "a la cista", en bajamar, con "larguero", o "la liña", con sedal y capo anclado habra sido cebado con carne de congrio común...



... de las embarcaciones tradicionales de Galicia es la dorna la más típica de aquí...



Los señores Cánovas y Carreró Blanco, dirigiéndose a reembarcar después de su recorrido por la isla de Ons.—(Foto, Hogar Provincial).

Los ministros de Agricultura y subsecretario de la Presidencia visitaron ayer las islas de Ons y Cies

A las doce de la mañana de ayer embarcaron en el Club Náutico de Sangenjo los ministros subsecretario de la Presidencia y de Agricultura, Excmos. Señores don Luis Carreró Blanco y don Cirilo Cánovas, respectivamente. Acompañaban a los ministros el director general de Montes don Salvador Sánchez Herrera, director general de Agricultura don Antonio Moscoso, gobernador civil de Pontevedra don José González-Sama y García, presidente de la Diputación Provincial don Prudencio Landín Carrasco, ingeniero jefe regional del Patrimonio Forestal del Estado don Ignacio Marcide Odrizola, ingeniero jefe de la Jefatura Agronómica de Pontevedra don Antonio Rueda Muñiz e ingeniero del Distrito Forestal de Pontevedra D. Ricardo G. Borregón. También acompañaban a las indicadas personalidades el ingeniero jefe del Servicio de Colonización de las provincias de Orense y Pontevedra don Francisco Contreras, el alcalde de Pontevedra don José Filgueira Valverde y las señoras de Carreró Blanco, González-Sama y Filgueira Valverde.

En primer lugar los ministros y sus acompañantes se dirigieron a la Isla de Ons, en la cual desembarcaron recorriéndola detenidamente y parándose a observar sobre el terreno sus especiales características así como sus más recientes instalaciones, entre ellas el grupo electrógeno que suministra luz a todos los moradores. Sostuvieron largas conversaciones con diferentes vecinos y se interesaron vivamente por sus condiciones de vida y sus problemas actuales así como por las soluciones posibles para las cuales se estudian fórmulas de próxima aplicación. Todas las características les fueron ampliamente expuestas por las autoridades provinciales y los técnicos de los diferentes servicios los cuales explicaron a los señores Cánovas y Carreró Blanco las mejoras que se han venido realizando últimamente en la isla así como las que se hallan en vías de proyecto y realización inmediata. Desde la Isla de Ons los ministros y sus acompañantes se dirigieron a las Cies desembarcando

CARACTERISTICAS DE LAS SUPERFICIES VISITADAS
ISLA DE ONS.—La superficie total de esta isla es de 432 hectáreas de las cuales 60 están dedicadas a diferentes cultivos agrícolas, preferentemente maíz y patata, 2 hectáreas a repoblación forestal y el resto a pastizal. Sus habitantes viven de la agricultura y la pesca y su población (500 habitantes), se alberga en 75 viviendas, en las cuales actualmente hay luz eléctrica.

Interesante esta pequeña reportaxe da visita dos ministros á Illa de Ons con motivo da inauguración do Grupo Electrónico que trouxo algo de luz á Illa.

Na fotografía podemos ver, ao fondo á esquerda, o edificio da Fabrica de Salga e a residencia do Sr. Riobó, onde supoñemos que instalarían o Grupo.

Uns anos máis tarde o enxeñeiro de Colonización, Francisco Contreras, sería o encargado de redactar o primeiro estudo sobre a vida na Illa e as súas necesidades que, posteriormente, con moitos cambios, deu lugar ao Centro Cívico.